



**SINDICATO de
ADMINISTRACIÓN**

**TRABAJADORES
de JUSTICIA**



GALICIA

**SINDICATO INDEPENDENTE E ESPECÍFICO DA ADMINISTRACIÓN DE
XUSTIZA, SEN SUBVENCIÓNS NIN ATADURAS**

PAULINO FLORES PAZ, en calidade de Delegado Sindical do Sindicato de Traballadores da Administración de Xustiza (STAJ) EXPÓN:

A sinalización nas oficinas xudiciais ten como finalidade regular o fluxo de persoas. Entre elas resultan moi importantes as direccionales, que informan o usuario sobre a circulación, flechas que indican o camiño , prohibicións etc.

Bótase de menos a falta de sinalización orientadora e aquelas que aconsellen sobre o comportamento máis adecuado.

Demasiado ruído é prexudicial para o rendemento cognitivo, afecta as tarefas mais complexas, lectura, atención, solución de problemas, memorización etc.

Últimos estudos publicados (Universidade de Cornell) demostran que os traballadores expostos a rúidos de teléfonos, conversacións de voz demasiado elevadas, teñen maiores niveis de ansiedade que aqueles que traballan nun lugar tranquilo.

A configuración das oficinas inflúe sobre a produción de ruído. **Hai décadas (por iso pensábase que estaba superado) empezou a difundirse a moda dos centros de traballo amplos, sen barreiras, sen habitacións nin portas onde todos os traballadores podían desenvolver o seu labor xuntos.**

Na actualidade sabemos que ao único que conducía era á perda de produtividade e a empeorar o clima laboral xerando malestar.

O mellor exemplo de “centros de traballos amplos” na actualidade podémolo atopar na Cidade da Xustiza de Vigo. Plantas de tres xulgados nun só espazo separados por armarios a media altura, e plantas con dous xulgados situados un xusto enfrente do outro separados por pouco mais dun metro de corredor por onde circulan testemuñas, profesionais, citados para declaracións e todo aquel que ten a ben preguntar polo estado da súa causa.

Todas estas configuracións e situacións fundamentalmente xeran ruído e mais ruído. **Por iso desde STAJ solicitamos que instalen carteis onde se lembre que estamos nun lugar de traballo, que os móbiles estean en silencio, que non se realicen chamadas dentro das oficinas e que as conversacións se produzan nun ton que moleste o menos posible.**



A CORUÑA (Paco) 609.292.438 **FERROL** (María) 658.615.515 **SANTIAGO** (María José) 673.618.911

LUGO (Jose Luis) 649.778.142 **OURENSE** (Conchi) 655.805.810

PONTEVEDRA (Kike) 605.128.068 **VIGO** (Julián) 647.401.860

stajgalicia.blogspot.com

SOMOS DE XUSTIZA